

MATERIAIS DE TRABALLO SEMANA DO 27 AO 30 DE ABRIL

Bos días a todos e todas!

Que tal seguides? Espero que esteades ben e que pronto comece a conta atrás porque esta situación está sendo difícil para moita xente.

Hoxe quero destacar que no grupo de 4º da ESO hai sete alumnos que entenderon que a pesar da anormalidade das circunstancias non estamos de vacacións, e están a mandarme en diferente medida as actividades que propoño cada semana. Indistintamente de se as actividades están mellor feitas ou se faltan algunhas quérovos dicir que me sinto moi orgullosa polo voso traballo! Por se vos sirve de algo sabede que o estades facendo moi ben! Pero boto en falta ós demais!!!

Sei que as circunstancias de cada un son distintas (acceso á tecnoloxía, situacións familiares...) pero todos debedes contactar cos profesores ou co titor, especialmente o alumnado que ten algunha avaliación suspensa, e buscaremos a maneira de que poidades seguir traballando o que queda de curso. É importante que todos cumprades coa parte académica, este esforzo que estades facendo vaise reflectir por suposto na nota final. Non deades nada por perdido, confiade en vós mesmos e aproveitade o tempo. Sabede que facer o correcto tamén axuda a sentirse ben!

Estou no correo belitroques@gmail.com para o que necesitedes.

Un saúdo afectuoso!

*As actividades envíanse en formato PDF para que sexa fácil descargalas mesmo nun móbil. Como estar todo o día diante da pantalla cansa podedes facelas a man no caderno, facerlle unha foto e logo envialas.

- Enlaces aos dicionarios en rede:
DICIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA <https://academia.gal/diccionario>
DICIONARIO DA XUNTA DE GALICIA <https://digalego.xunta.gal/>

ACTIVIDADES

Le con atención o seguinte texto e busca no dicionario as palabras que decoñezas.

A INTELIXENCIA DO FORMIGUEIRO

As formigas non teñen xefes nin son intelixentes, pero en conxunto desenvolven unha intelixencia colectiva

Hai quen di que desde os avións «parecemos formigas». Os edificios e coches pasan a ser diminutos e o tráfico das cidades cobra unha nova perspectiva. Porque, do mesmo xeito ca nós, as formigas viven en sociedades cun alto nivel de organización e están na obriga de afrontarse a retos como a regulación do tráfico, o coidado da prole ou a limpeza dos seus niños.

As formigas elixen cuidadosamente onde construír os seus formigueiros, e estes son unha mostra da súa elevada organización. Aínda que de diferente arquitectura segundo a especie, os niños adoitan consistir en centos de cámaras interconectadas, destinadas ao almacenamento de comida e á atención das larvas e da raíña.

Outra mostra do elevado nivel de organización das formigas é a sorprendente capacidade que teñen de usar os seus corpos de xeito cooperativo para construír pontes e mesmo balsas de miles de individuos. Estas destrezas permítenlles facer fronte a adversidades tales como as inundacións

Con todo, malia o pequeno tamaño das cidades vistas desde as nubes e a exquisita organización destes insectos, a usual comparativa entre as sociedades humanas e as comunidades de formigas agocha algunhas trampas.

Unha colonia de formigas componse de moitas femias estériles coñecidas como obreiras e, xeralmente, dunha única formiga raíña fértil. As obreiras encárganse da construción e da limpeza dos niños, da procura de alimento e do coidado das larvas. A formiga raíña é a que funda a colonia, tras aparearse con un ou varios machos, momento a partir do cal se dedicará unicamente a poñer ovos.

Contra a crenza popular, e a pesar de recibir este nome, a formiga raíña non dirixe a colonia. Nos formigueiros non existen xerarquías, líderes nin grupos de formigas que teñan un plan estratéxico. Unha colonia de formigas é un sistema carente de control central. Así, colonias de formigas de ata medio millón de obreiras funcionan de modo altamente eficaz sen ninguén ao mando.

Esta é unha das grandes diferenzas co noso sistema organizativo, onde desde a construción de edificios ata o funcionamento dunha empresa implican unha execución de ordes dentro dunha xerarquía en que o líder ve a acción a grande escala. Pola contra, nun formigueiro ninguén ten información do que está a pasar a nivel global, os individuos só manexan información local.

Aínda que os formigueiros responden ás esixencias do medio dun modo altamente organizado e efectivo sen necesidade de líder, a nivel individual as formigas non son seres intelixentes. É común pensar que se un animal logra desenvolver un comportamento complexo, é intelixente; pero iso non sempre é certo. Unha formiga segue patróns de comportamento moi sinxelos. E é a partir da interacción de miles delas, seguindo eses patróns, cando emerxe un comportamento intelixente. Trátase de algo semellante ao que ocorre co cerebro: unha neurona compórtase de forma sinxela, pero millóns delas funcionando simultaneamente teñen a capacidade de xerar conciencia e unha conduta intelixente.

A chamada *intelixencia de enxame* posúe unha gran fortaleza en comparación cos sistemas xerárquicos: aínda que algunhas das partes fallen, o sistema segue a ter éxito. Pola contra, a necesidade de líderes adoita provocar que, ante a súa ausencia ou ante un erro, o sistema colapse.

Na nosa sociedade contamos con diversos exemplos de redes que carecen de control central e que se rexen polos principios da *intelixencia de enxame*. É por iso que as formigas son unha constante fonte de inspiración. Exemplos sinxelos deste sistema organizativo son Internet e as redes sociais: cada individuo publica no seu perfil o seu propio contido e a súa interacción límitase a un círculo próximo. A partir de millóns de usuarios realizando esa acción, xérase unha función maior, sobre a que ninguén ten o control, pois ninguén decide que material será o máis visto e compartido.

www.gciencia.com (adaptación)

1. Resume o contido do texto extraendo as ideas centrais que se transmiten nel.

2. Determina cales destas ideas do texto son principais (P) e cales son secundarias (S).

- As formigas viven en comunidades cun nivel de organización moi alto e complexo.
- As neuronas son exemplos de unidades simples que, xuntas, xeran unha conduta intelixente.
- As comunidades de formigas e as sociedades humanas non funcionan nin se organizan exactamente do mesmo modo.
- As formigas colaboran fisicamente xuntando os seus corpos para formar pontes ou balsas de miles de individuos; isto permítelles, por exemplo, facer fronte ás inundacións.

3. Indica que tipo de texto é o anterior.

- É un texto narrativo que relata unha serie de feitos relacionados cunha colonia de formigas.
- É un texto descritivo que retrata o comportamento das formigas.
- É un texto explicativo que transmite unha serie de informacións sobre o modelo de organización das colonias formigas, comparándoo co das sociedades humanas.
- É un informe sobre a organización das colonias de formigas.

4. Determina agora con que obxectivo foi creado o texto, xustifícaa túa resposta.

Entreter

Convencer

Informar.

5. Asocia cada trazo co tipo de sistema que corresponda.


A. INTELIXENCIA DE ENXAME

B. XERARQUÍA

- Implica a existencia dun control central á fronte do cal está un líder.
- Os individuos que a constrúen non teñen que ser necesariamente intelixentes; é ao cooperar cando logran desenvolver xuntos un comportamento intelixente.
- Un individuo ten unha visión global do sistema; por iso, pode intervir no que ocorre no conxunto dese sistema.
- Non procede dun único suxeito, senón que a constrúe colectivamente un grupo de individuos.
- A maior parte das actividades humanas e das empresas réxense por ese sistema.
- Pode seguir funcionando con eficacia aínda que falle unha parte do sistema.
- Ningún individuo ten o control global do sistema.

6. Explica se sería posible mudar o título «A intelixencia do formigueiro» por «A intelixencia das formigas». Son equivalentes os dous títulos? Transmitiría o novo título a idea fundamental que se explica no texto?

7. **Completa o seguinte cadro conceptual sobre as colonias de formigas a partir da información proporcionada no texto.**



8. **Busca no texto inicial exemplos de palabras que se axusten ás características especificadas.**

- Dúas palabras con hiato que non leven acento gráfico. →
- Dúas palabras con hiato que leven acento gráfico. →
- Unha palabra que conteña dous ditongos. →

9. **Indica a que clase de palabras pertencen os termos do texto resaltados nestas secuencias.**

As formigas están na *obriga* de enfrontarse a retos. →

As obreiras encárganse da *procura* de alimento. →

Unha colonia de formigas é un sistema carente de control *central*. →

Indica novamente a clase a que pertencen estas palabras que teñen unha forma idéntica ás anteriores.

O contrato que asinou non o *obriga* a desempeñar ese traballo. →

Vai moito frío, así que *procura* abrigarte ben. →

A enerxía que se consome na vila procede desa *central* eólica. →

10. **Explica en que fábula tradicional aparece o personaxe da formiga e que calidades se lle atribúen.**

11. **Le a información do cadro. A continuación, propón un aspecto da sociedade ou unha actividade que cres que melloraría se as persoas traballasen cooperativamente e non baixo o mando dun líder. (100 palabras mínimo)**

As formigas colonizaron case todas as zonas terrestres do planeta. O seu éxito como especie en medios tan diferentes xeralmente atribúese á súa capacidade de cooperar. Xuntas conseguen aproveitar mellor os recursos e defenderse.

12. **Explica dous requisitos que, baixo o teu punto de vista, son indispensables para que o traballo realizado en equipo sexa satisfactorio e eficaz.**